

Maria Rosa Losada Suarez, Secretaria Xeral do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,

CERTIFICO

Que a Pleno, na sesión que tivo lugar o día 30/07/2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“

7.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO PARA O PERÍODO 2020-2021 UNA VEZ REMITIDO O MINISTERIO DE FACENDA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PRPOSTA DE ALCALDÍA.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en sesión Plenaria de 25 de xuño de correntes, aprobouse o Plan Económico Financeiro 2020-2021 do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo, confeccionado pola Intervención municipal e subscrito por esta alcaldía. permitirá acadar o cumprimento da regra de gastos así como os demais obxectivos fiscais para o período 2020-2021.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolve a obriga de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, dentro do prazo de 5 días procedeuse a súa remisión o Ministerio de Facenda a través da plataforma habilitada a tal efecto na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Como consecuencia de cumprimentar dito trámite, tal e como se explica no informe de Intervención que se achega coa presente Memoria, á hora de introducir as medidas que comprendía o PEF e que foron aprobadas polo Pleno, a plataforma do Ministerio ven a modificar certas ratios debido a que a consta de formularios taxados e rixidos que non permiten introducir datos que si foron tidos en conta pola Intervención Municipal co fin de acadar unha estimación das liquidacións para o período do PEF, o máis próximas posible á realidade.

Non resultan modificadas as medidas en si aprobadas, que son as retencións de crédito de non dispoñibilidade, se non que varían as súas repercusións económicas e as estimacións do cumprimento da regra de gasto e estabilidade para as liquidacións 2020 e 2021, resultando en todo caso unhas estimacións máis favorables das que recollía o PEF inicial.

Co fin de manter unha concordancia entre o documento aprobado polo Pleno e o aprobado polo Ministerio, esta Alcaldía considera axeitado presentar o Pleno para a súa aprobación o PEF definitivo que será o que se publique e remita o órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia.

En consecuencia, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordó:

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 - F 986 501 109
secretaria@vilagarcia.gal
sede.vilagarcia.gal

Organismo Autónomo para o período 2020-2021, (PEF 2020-2021), aprobado polo Ministerio, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Mare da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Plan Económico Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo para o período 2020-2021.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4) e Marea da Vila (1), e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1),

ACÓRDASE: Aprobar por maioría o Plan Económico-Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo para o período 2020-2021, (PEF 2020-2021), aprobado polo Ministerio, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

”

E para que conste e produza efectos onde proceda, expido a presente en Vilagarcía de Arousa.

Vº E PRACE

O ALCALDE-PRESIDENTE

Sinatura dixitalizada